



# O MONTE

Boletín informativo da Asociación Forestal de Galicia

Ano XV nº 38  
1º trimestre 2002



**A saúde dos nosos bosques  
Produccións complementarias  
Melloras na fiscalidade das C.M.V.**

**Tratamientos fitosanitarios  
de**

**Gonipterus scutellatus  
(gorgojo del eucalipto)**

**Productos autorizados**

**Empresa Reboreda S.L.**

**Domicilio social: Km. 156,Carretera Porriño-Redondela.**

**Domicilio Postal: Apdo. de correos 8193, 36200 Vigo.**

**Teléfono: 986 33 75 02, Fax: 986 33 75 00, E-mail: Reboreda@infonegocio.com**

**Móvil: 647 53 41 34**



Edita  
Asociación Forestal de Galicia

**Consello de Redacción**

Xosé Represas Giráldez  
Francisco Fernández de Ana Magán  
Francisco Dans del Valle  
Julio Ruiz Cagigal  
Braulio Molina Martínez  
Mª Cristina Verde Figueiras

**Equipo de Redacción**

Francisco Dans del Valle  
Beatriz Fernández Figueira  
Xosé Represas Giráldez  
Daniel Rodríguez Cebreiro  
Mª Cristina Verde Figueiras

**Coordinación**

Mª Cristina Verde Figueiras

**Diseño e maquetación**

seteseito

**Fotografía de portada**

José Pardo

**Imprime**

Imgraf, S.L.

**Sede Central**

Rúa do Vilar, nº 33, 1º  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 564 011  
Fax: 981 563 379  
asforg@iies.es

**Oficina en Xinzo-Ponteareas**

Centro Cultural de Xinzo  
36891 Ponteareas (Pontevedra)  
Tel.: 986 660 864  
Fax: 986 661 791  
afgxinzo@iies.es

**Oficina en As Pontes**

Avenida de Ortigueira, nº 49, baixo  
15320 As Pontes (A Coruña)  
Tel. e fax: 981 440 537  
afgponts@iies.es

**Oficina en Ortigueira**

Avenida General Franco, nº 65, baixo  
15330 Ortigueira (A Coruña)  
Tel. e fax 981 400 905  
afgorti@iies.es

A Asociación Forestal de Galicia é membro fundador da Unión de Selvicultores do Sur de Europa (USS), da Confederación de Selvicultores de España (COSE), do Instituto Europeo do Bosque Cultivado (IEBC), da Confederación Europea de Propietarios Forestais (CEPF) e da Asociación para a Certificación da Xestión Forestal Sostible (PEFC-España).



## PROBLEMAS CO EUCALIPTO

## FISCALIDADE DOS MONTES VECIÑAIS

**E**ntre as diversas tarefas que a Asociación ten abordado nos últimos meses, e das que damos conta nesta revista, destacan pola súa importancia, vital para os propietarios particulares e as comunidades de montes, dúas cuestiós: a fiscalidade das comunidades e os problemas relacionados co eucalipto.

**¿Que está pasando co eucalipto?** Por un lado asistimos á época máis negativa en canto ao rendemento das plantacións. Como consecuencia dos ataques do goniptero e da *Mycosphaerella spp.*, danse mermas do 20 ao 30% na producción de madeira naquelas áreas más afectadas. A esta perda de rendabilidade, hai que sumarle os gastos dos tratamentos que necesariamente temos que facer.

Mentras isto sucede nos nosos montes, a industria rebaixa de forma continua os prezos de compra. Na sección de prezos da madeira deste número de *O Monte*, amósase con claridade a baixada continuada dende 1998 dos prezos da madeira de eucalipto, sendo actualmente inferiores a 1996, e pola contra, ben sabemos que os custes da nosa actividade mantiveron un incremento anual de máis do 3%.

Pero por se este panorama negativo non abondase, a principal industria consumidora de eucalipto, anuncia unha nova baixada nos prezos e ó mesmo tempo segue importando madeira para o seu consumo.

Ben sabemos que o mercado da madeira é un dos máis globais de ámbito mundial, e polo tanto calquera industria pode utilizar madeira doutros países, sen ter barreiras de entrada. Pero isto que parece razonable en épocas de escasa oferta cercana á industria transformadora e con elevados prezos, que limita a súa competencia no mercado dos productos que fabrica, non é precisamente o que está ocorrendo agora.

Creemos que a industria debe estar interesada en asegurar a medio e longo prazo un suministro de madeira próximo ás súas plantas de producción. Para os propietarios, a situación actual non asegura a viabilidade das producións forestais, situación que nos obriga a pensar noutras posibilidades, ¿Debemos pensar xa nas plantas de transformación de biomasa en enerxía eléctrica?.

**O réxime fiscal especial para as Comunidades de Montes**, vixente desde 1999, supuxo un enorme esforzo para as Xuntas Rectoras. Despois deste período inicial, a AFG tomou a iniciativa de analizar a incidencia da súa aplicación, e de forma documentada, rigorosa e co apoio das comunidades que participaron nas xornadas de debate celebradas, plantexamos a necesidade de reclamar a súa modificación antes de 2003 para garantir a consolidación da Institución Veciñal e a viabilidade das súas funcións e do futuro dos nosos montes veciñais.

# [ Sumario ]

- 5 ACTUALIDADE**  
A saúde dos nosos bosques
- 9 ENERXÍA EÓLICA**  
Os propietarios forestais e os parques eólicos
- 10 COLABORACIÓN**  
Produccións complementarias do bosque galego
- 14 EUROSILVASUR**  
Conclusións do estudio sobre medición e valoración de madeira en Galicia  
Asinamento dun convenio de colaboración para a realización dun documental de televisión
- 16 INFORMES TÉCNICOS**  
Comparación entre el *Eucalyptus globulus* y el *Eucalyptus nitens*
- 18 FISCALIDADE**  
Melloras na fiscalidade que afecta ós montes veciñais en man comén  
Obrigas contables e fiscais das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común
- 21 PEFC**  
La aprobación del Sistema de Certificación Forestal PEFC-España, en su recta final
- 22 SANIDADE FORESTAL**  
A seca das sobreiras
- 24 TECNOLOGÍA**  
Calefacción con biocombustibles en bloques de viviendas
- 26 NOTICIAS BREVES**
- 30 NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS**
- 32 PARTICIPACIÓN DA AFG EN ACTOS DE INTERESE FORESTAL / AXENDA**
- 34 PREZOS DA MADEIRA**



## A Asociación Forestal de Galicia organiza unha viaxe a Forexpo 2002 (Burdeos)

A Asociación Forestal de Galicia organiza, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, unha viaxe de seis días de duración a La Rioja, e Sur de Francia entre o 31 de maio e o 6 de xuño de 2002, na que se visitarán plantacións de *Pseudotsuga menziesii* (pino de Oregon ou abeto Douglas), e frondosas productoras de madeira de calidade. O día cinco visitarase en Burdeos a feira forestal Forexpo.

Os socios e socias interesados en participar deberán poñerse en contacto con calquera das oficinas da AFG.

## XVI Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Forestal de Galicia

As Pontes de García Rodríguez (Casa Dopeso), 25 de maio de 2002

Para asistir á XVI Asemblea Xeral da AFG alugaranse dous autobuses con saída de Ponteareas e de Santiago de Compostela que desplazarán ós socios que o desexen ata As Pontes para asistir á Asemblea. Pola tarde farase unha **visita guiada ás Fragas do Eume**, volvendo ós seus puntos de orixe á tardiña.

Para máis información sobre a reserva para a comida e o autobús deberán poñerse en contacto coa oficina da AFG máis próxima antes do xoves dia 23 de maio.

# A SAÚDE DOS NOSOS BOSQUES

**A Asociación Forestal de Galicia solicitou á Consellería de Medio Ambiente a creación dun Comité de Sanidade Forestal**

**A**Xunta de Goberno da Asociación Forestal de Galicia foi recentemente recibida polo Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e o Director Xeral de Montes e Industrias Forestais, cos que se trataron diversos temas de interese para os propietarios forestais entre os que se destacaron: os actuais problemas sanitarios dos montes galegos, a mellora das axudas á selvicultura e a mellora e conservación da rede pública de infraestructuras forestais. A situación sanitaria das principais masas forestais galegas está causando unha fonda e crecente preocupación entre os propietarios de montes e as comunidades de montes veciñais. Ademais das condicións climáticas dos últimos anos

que propiciaron a expansión de determinados axentes, a aparición de novos patóxenos antes inactivos ou inexistentes, a explosión da poboación como o goniptero, os efectos da contaminación ambiental, a intensificación da produción da planta forestal e o aumento do comercio transrexional da madeira son algunas das causas que consideramos que provocaron a situación actual.

Os danos non se limitan a unha especie forestal, senón que todas as nosas especies de interese comercial presentan alguma patoloxía de importancia para a súa produción. Ó noso entender, enfrentámonos ó problema máis grave sufrido polos montes galegos despois dos incendios forestais. Como ocorriu daquela,

parece preciso reduci-lo perigo actual a niveis controlables e transmitir ós selvicultores os coñecementos precisos para poder convivir con estes novos hóspedes do monte.

Pola súa magnitud e intensidade, o problema deber ser abordado cun plantexamento integral que contemple os factores ou variables vencellados. Como punto de partida esencial, este novo plantexamento debe contar co respaldo e coa colaboración activa de tódolos actores do sector forestal, en particular é preciso desenvolver unha intensa cooperación entre a administración competente e os propietarios forestais.

---

**Principais axentes, bióticos e abióticos que causan importantes danos nos montes galegos**

---

É difícil facer unha selección dos axentes que máis están afectando ás masas forestais galegas. Non obstante, considerando os avances na súa expansión, os danos económicos que

causan, as dificultades que presenta o seu tratamento e a preocupación que despertou entre os profesionais do sector, poderíamos destacar os seguintes:

■ ***Cryphonectria parasitica***. O cancro do castiñeiro está causando un desastre ecológico e productivo nos soutos más importantes de Galicia. O risco de desaparición destes ecosistemas é moi alto. O seu tratamento resulta moi custoso e complicado de levar á práctica.

■ ***Armillaria ostoye***. Os danos que causan nos primeiros anos de instalación dos piñeirais son en ocasións graves e moi espectaculares, desanimando novas iniciativas de inversión forestal. Pódese realizar unha labor preventiva empregando



Pé de *Pinus pinaster* afectado por *Armillaria*

neira continua, así como outras industrias de forma esporádica causan importantes danos nas masas arborizadas situadas nas direccións dominantes dos ventos que arrastran os elementos contaminantes producidos por estas industrias. A información que reciben os propietarios forestais sobre este tipo de axentes contaminantes é nula e tamén se desconocen as medidas correctoras que se están empregando ou que se poden empregar no futuro nestas industrias.

#### Medidas a desenvolver

Una programa eficiente de prevención e control fitosanitario debe contemplar múlti-

## [ pola súa magnitude e intensidade, o problema deber ser abordado cun plantexamento integral que contemple os factores ou variables vincellados ]

unha mellor calidade de planta e efectuando unha intensa labor de divulgación de técnicas de repoboación axeitadas. Algúns dos sistemas de repoboación que se empregan na actualidade contribuen á propagación do fungo.

■ ***Mycosphaerella spp.*** Este patóxeno de recente identificación en Galicia produce danos no eucalipto que poden chegar a ser moi graves. Nun período de tempo moi reducido, dous ou tres anos, este fungo extendeuse ás masas más productivas de eucalipto de Galicia. O nivel de coñecementos sobre a bioloxía e tratamento deste patóxeno é ainda baixo.

■ ***Dothistroma* e outros patóxenos afins.** Están producindo graves danos na maioría dos piñeirais de *P. radiata*. Nunha gran parte de Galicia os seus

síntomas enmascáranse cos medríos anuais, pero os seus danos van en aumento nas plantacións. Coñécese o seu tratamento mediante labores selvícolas e aplicación de produtos funxicidas.

■ ***Gonypterus scutellatus***. Todas as masas de eucalipto galegas están, en maior ou menor grao, atacadas por este insecto. A explosión da poboación do goniptero durante os anos 1999, 2000 e 2001 non foi abondo controlada polo parásitoide *Anaphes nitens*. A importancia dos danos causados en numerosas áreas de eucalipto fai preciso desenvolver un tratamento integrado no que se inclúa tanto o control biológico coma o químico e outros métodos de loita.

■ **Contaminación ambiental.** As centrais térmicas, de ma-

ples actuacións que se deberán desenvolver de maneira articulada e con obxectivos finalistas moi claros. É o que se coñece como control e loita integrada. Con esta perspectiva, as medidas que ó noso entender deberían acometerse en Galicia con carácter de urgencia son as seguintes:

■ **Unificación de competencias na Administración Autonómica.** É preciso terminar coa dispersión de competencias en materia de sanidade forestal. No marco da iniciativa pública, as medidas a implementar e as actuacións a desenvolver deben ser responsabilidade dun só órgano administrativo con posibilidade de declarar o estado de praga se fose preciso.

■ **Control biológico.** Debe ser responsabilidade dunha única autoridade administrativa con

competencias na materia. A Administración debe actuar neste ámbito a partir dunha planificación rigorosa, informando periodicamente sobre as súas actuacións e efectuando de maneira continua as labores de avaliación, supervisión e seguimento.

**I Tratamentos químicos de choque.** Trátase de coñecer os tratamentos a aplicar nos casos de danos graves, de disponer de información correcta sobre os productos autorizados e rexistrados para as distintas patoloxías.

**I Realización de tratamentos intensivos, químicos e selvícolas, en masas forestais con ataques de alta intensidade a fin de impedir a expansión dos patóxenos.** Existen comarcas ou zonas forestais que foron moi afectadas por distintas enfermidades ou pragas. Nestas zonas, é preciso actuar con urxencia e intentar erradicar ou controlar os ataques.

**I Creación de barreiras de control arredor dos focos de penetración de axentes.** Son actuacións intensivas naqueles sitios nos que distintas actividades comerciais xeneraron a introducción de patóxenos ou existe o risco de introducilos.

**I Creación de discontinuidades en masas arborizadas monoespecíficas.** Débense establecer discontinuidades de vexetación a fin de filtrar ou impedir os avances de determinados patóxenos.

**I Actuacións administrativas de inspección e control.** Trátase de efectuar de maneira sistemática operacións de control fitosanitario nos viveiros forestais, nos parques de madeira (os establecidos en industrias forestais, os existentes en estacións de ferrocarril e outros sitios, así como os cargadeiros permanentes situados nos

montes) e nos portos polos que entra madeira do exterior ou doutros sitios de risco.

**I Promoción de tratamentos selvícolas de prevención.** É preciso difundir as técnicas de prevención hoxe coñecidas e abrir liñas de estudio sobre os temas menos coñecidos.

**I Divulgación e formación a propietarios forestais e axentes forestais.**

**I Establecemento dunha liña permanente de mellora xenética para conseguir individuos ou híbridos con capacidade de resistencia ós ataques dos principais axentes.**

**I Impulso das relacións en materia fitosanitaria coas rexións limítrofes a Galicia e cos países cos que se manteñen intercambios de produtos forestais.**

**I Intensificación e apoio decisivo á investigación neste campo como base imprescindible para alertar ante posibles perigos e para realizar unha loita integrada.**

### Instrumentos precisos

Dacordo coa nosa opinión o inicio dun programa intensivo

de actuación neste ámbito precisaría da disposición dos seguintes medios e instrumentos:

**I Creación dun Comité de Sanidade Forestal** formado por representantes da administración competente, expertos, investigadores e representantes dos propietarios forestais. O seu cometido sería marcar os obxectivos, determinar as medidas a desenvolver, así como realizar as tarefas de seguimento e control das actuacións.

**I Constitución por parte da Administración dunha unidade de expertos** con dedicación prioritaria ós problemas fitosanitarios forestais. Esta unidade debería actuar dentro do órgano que ostente as competencias administrativas nesta materia.

**I Dotación dunha partida orzamentaria específica** cos suficientes recursos para garantir os gastos de tratamiento, de seguimento, e as posibles axudas.

**I Introducción dunha liña de axudas públicas a propietarios forestais** para financiar os tratamentos coa condición de aplicalos en áreas suficientemente extensas.

### Prem Govender, investigador na Universidade de Pretoria (Suráfrica) experto en goniptero visitou Galicia convidado pola Asociación Forestal de Galicia

O 25 e 26 de febreiro visitou Galicia, convidado pola Asociación Forestal de Galicia, o investigador surafricano Prem Govender, experto en pragas forestais. Na visita realizada ao Galician Forest Health Agency (GFA) e a varias plantacións de eucalipto na provincia de Pontevedra e no norte de Galicia, se puido apreciar a importancia que estas pragas tienen para Galicia. A visita contou con la participación dun grupo de profesionais da Asociación Forestal, investigadores e selvicultores afiliados por goniptero en Galicia e que lle expuxo os detalles do avance destas pragas en Suráfrica, onde o 32% da superficie forestal está desmatada a este punto. O goniptero chegou a Suráfrica en 1916 mas alrededor de 1940 do Cabo onde tan só existían massas de Eucalyptus globulus a devastación acadou dimensións como as que se están conseguindo nalgúns lugares de Galicia, pero hoxe en dia a praga remata despois de anos facendo tratamentos combinados.

# FOREXPO

## 2002



5-6-7 de junio  
**BURDEOS**  
Technopole Gironde  
Francia

LA FERIA  
EUROPEA  
DE LA SILVICULTURA  
Y DE LA EXPLOTACIÓN  
FORESTAL

A las puertas de Burdeos, comunicado por la estación de tren de alta velocidad y del aeropuerto internacional, **FOREXPO 2002** les sitúa en el cruce de caminos del mercado forestal de la Europa del Norte y del Sur.

En torno a 400 expositores y 500 marcas internacionales, presentarán sobre 70 ha de exposición en pleno bosque, a más de 30 000 visitantes franceses y extranjeros las últimas tecnologías en materia de silvicultura y de explotación forestal, a tamaño natural y en tiempo real.

**FOREXPO** es una cita para quienes desean exponer, informarse, descubrir o encontrarse en un entorno donde todo está previsto para facilitar la eficacia y la convivencia.

**iReserven estas fechas y hasta pronto!**

**FOREXPO GIE**

6, Parvis des Chartrons - 33075 Bordeaux Cedex Francia  
Tel. : +33 5 57 85 40 18 - Fax : +33 5 56 81 78 98  
E-mail : [info@forexpo.fr](mailto:info@forexpo.fr) - <http://www.forexpo.fr>



# OS PROPIETARIOS FORESTAIOS E OS PARQUES EÓLICOS

A maioria dos propietarios forestais, tanto propietarios particulares como comunidades de montes en man común, segundo a enquisa, carece de información axeitada sobre a instalación dos parques eólicos nos montes.

Tan só un 10% das comunidades de montes e un 14% dos propietarios particulares afirma ter información abondo sobre a implantación de parques eólicos.

Este dato resulta áinda máis significativo se temos en conta que un 12% dos socios particulares e un 22% das comunidades de montes teñen propiedades afectadas pola instalación dos parques, e que o 69% dos propietarios particulares con terreos afectados por parques eólicos sinala que non dispón de información abondo o que quere dicir que non só hai unha falta de información xeneralizada senón que incluso aqueles propietarios afectados directamente polas instalacións non están abondo informados.

## Fórmulas de compensación ó propietario pola instalación de parques eólicos

Na enquisa ofrecíanse varias fórmulas de compensación ós propietarios:

- Cobrar unha indemnización pola expropiación dos terreos afectados.
- Participar como accionista da empresa que os xestioná.
- Cobrar un arrendamento fixo por superficie afectada durante a vida do parque.


A Asociación Forestal de Galicia, dentro do marco do proxecto Eurosílvasur, realizou o pasado verán unha enquisa entre os seus socios e socias para coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos relacionados co eido forestal. Entre os temas que se abordaban figuraban os parques eólicos.

■ Cobrar un arrendamento en función dos beneficios do parque.

A maioria dos propietarios (tanto particulares como comunidades de montes) prefieren como forma de compensación cobrar un arrendamento fixo pola superficie afectada durante a vida do parque e mais a de cobrar un arrendamento en función dos

beneficios do mesmo. En canto á opción de cobrar unha indemnización pola expropiación dos terreos (fórmula preferida polas empresas promotoras dos parques) ningunha das comunidades entrevistadas se amosou partidaria deste tipo de compensación e entre os propietarios particulares tan só un 6,8% optou por esta opción.

¿Ten vostede información abondo sobre a implantación dos parques eólicos nos nosos montes?



Diferentes formas de compensación pola instalación de parques eólicos





# PRODUCCIÓN COMPLEMENTARIAS

## do BOSQUE GALEGO

**ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ**

Dr. Enxeñeiro de Montes  
Catedrático da Universidade de Santiago

A xestión sostible ou sustentable dos bosques e masas arborizadas persigue que esos ecosistemas satisfagan as necesidades da sociedade actual sen comprometer as das xeracións que nos sucederán. Ese modelo de xestión forestal contempla a persistencia das comunidades arborizadas e da "multifuncionalidade" das mesmas (función económica ou productiva, función ecolóxica, protectora ou de control do medio e función social), xa que os montes arborizados

ofrecen ós cidadáns uns beneficios directos e taxibles, doados de valorar economicamente, e uns beneficios indirectos ou intanxibles, de valoración moitas veces complicada, pero con aprecio crecente por parte da sociedade.

En Galicia, dentro da función económica dos bosques, considerouse tradicionalmente a produción de madeira como o beneficio principal, por non dicir único en moitos casos, dirixíndose con frecuencia a xestión forestal exclusivamente

a optimizar esa produción. A realidade é que os montes arborizados aportan outros beneficios económicos, que, nalgúns casos, poden superar en importancia económica á produción madeireira. Estes productos que o monte arborizado ofrece, a maiores da madeira, reciben con frecuencia o nome de produtos secundarios ou complementarios do bosque.

Entre as producións complementarias que teñen ou poden ter unha incidencia socioeco-

nómica bastante directa en moitas comarcas galegas podemos destacar, ademais da caza, pesca continental, pastos, biomasa, canteiras, etc., as seguintes, ás que dedicamos este artigo: cogumelos ou setas, plantas medicinais e aromáticas, plantas melíferas, pequenos froitos, froitos e sementes de árbores.

### Cogumelos

En Galicia, a produción de cogumelos comestibles con interese comercial, que derivan esencialmente de fungos micorrílicos<sup>1</sup> asociados ós bosques, reporta anualmente ós recolleedores entre dous e tres mil millóns de pesetas, incidindo os beneficios especialmente en comarcas deprimidas da xeografía socioeconómica galega. As especies máis importantes, dende este punto de vista, son *Boletus* gr. *edulis*, os boletos, bolouros ou andoas, *Lactarius* gr. *deliciosus*, os níscalos ou lactouros, e *Cantharellus cibarius*, a cantaleta, aínda que pouco a pouco vanse incorporando ó mercado outras especies (*Hydnus repandum*, *Tricholoma equestre*, *Tricholoma portentosum* e outras) de boa calidade e abundantes na nosa terra, na que as circunstancias ecolóxicas son propicias para este tipo de produción, que é claramente estacional, concentrándose sobre todo no outono, e tamén amosa unha notable irregularidade anual. Segundo resultados de investigacións desenvolvidas no



*Boletus reticulatus*, os bolouros ou andoas do grupo "edulis" son os cogumelos silvestres con maior importancia económica en Galicia.

Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán e noutrios centros de investigación, a produción micolóxica pode incrementarse considerablemente repoboando con especies forestais ás que se asocian os fungos micorrílicos que proporcionan os cogumelos de mellor calidade, producindo nos viveiros plantas micorrizadas con esas especies fúnxicas, e aplicando nos nosos montes técnicas silvícolas e culturais favorecedoras da produción micolóxica, como as claras, podas, desbroces do sotobosque, rega estival, fertilización ou semenreira de esporas. Moi importan-

te sería tamén introducir instrumentos reguladores deste aproveitamento, que se realiza de forma abusiva en moitas comarcas e, ás veces, empregando técnicas que comprometen a persistencia das especies fúnxicas. De cara a incrementar o valor engadido destes produtos sería conveniente estimular o consumo local de cogumelos frescos e avanzar na industria galega no proceso de transformación, xa que actualmente quedase xeralmente nunha primeira transformación (conservación mediante deshidratación, conxelación ou ultraconxelación), exportándose ou

**[en Galicia, a produción de cogumelos comestibles con interese comercial reporta anualmente ós recolleedores entre dous e tres mil millóns de pesetas]**

transvasándose a outras comunidades autónomas cogumelos frescos ou productos moi pouco elaborados.

### Plantas medicinais e aromáticas

Nos montes galegos recollíanse hai unhas décadas centos de toneladas anuais de plantas medicinais silvestres, fundamentalmente de especies como *Drosera rotundifolia* e *Drosera intermedia* (atrapamoscas ou rorellas), *Gentiana lutea* (genciana ou xanzá), *Arnica montana* (árnicas), *Frangula alnus* (sanguíño ou arraclán), *Ruscus aculeatus* (rusco, xarda ou mezquita), *Laurus nobilis* (loureiro), *Achillea millefolium* (milenrama), *Chamomilla suaveolens* (manzanilla), *Valeriana officinalis* (valeriana), *Hypericum perforatum* (hipérico, herba de San Xoán), etc. Este aproveitamento chegou a minguar considerablemente as poboacións naturais dalgunhas destas especies, especialmente nos casos nos que a colleita supón a

destrucción da planta, por exemplo cando se aproveita o sistema subterráneo (*Gentiana*, *Ruscus*, *Valeriana*) ou a casca do talo (*Frangula*).

Actualmente, este aproveitamento podémolo considerar testemuñal na maior parte dos montes galegos, o que se debe ó despoboamento e avellentamento da poboación nas comarcas rurais, á baixa rendibilidade, pola competencia doutros países con man de obra máis barata, e á reducción das poboacións das especies máis interesantes, debido á alteración dos seus hábitats e á presión colleitadora no pasado. O rexurdimento que amosan en moitos países as medicinas alternativas, a fitoterapia entre elas, fai prever un incremento do consumo de plantas medicinais, que poden ser un importante recurso para moitas comarcas galegas, pero habería que regulamentar a recolección das poboacións silvestres, con criterios de conservación da diversidade biolóxica, e incenti-

var o cultivo daquelhas especies con maior demanda e mellores prezos, ó mesmo tempo que se fomenta a súa transformación e comercialización na nosa terra, na busca dun desenvolvemento equilibrado, sostido e rendible das nosas potencialidades endóxenas.

### Producción de mel

Segundo datos que recolle a Tese de Doutoramento de D. Abel Yáñez Armesto, titulada "O Sector Apícola en Galicia" (Universidade de Santiago de Compostela, 2001), en Galicia temos actualmente unhas 100.000 colmeas, a maior parte de tipo moderno, sobre todo de alzas, pasando nos últimos lustros os trobos ou cortizos a unha representación testemuñal. A produción anual de mel sitúase entre 1.500 e 2.000 toneladas, reportando ós apicultores uns beneficios de entre mil e dous mil millóns de pesetas. Ademais hai que engadir os beneficios da cera, propóleos, pole e xalea real. A produción apícola galega amosa, como é natural, unha importante irregularidade anual e ten en gran parte a súa orixe na flora forestal (eucaлиpto, castiñeiro, carrascos ou queirogas, uces). Este sector, que tamén ten importancia na produción froiteira a través da polinización, podería desenvolverse considerablemente na nosa terra, se se incentivara de xeito adecuado, e mellorariase considerablemente mediante unha maior atención técnica (a apicultura en Galicia é unha actividade complementaria, marginal ou de "hobby", sendo moi poucos os apicultores profesionais), incluíndo a implantación de flora apícola, a transhumanzia, a formación dos apicultores, os coidados sanitarios preventivos e curativos, etc.



Cultivo extensivo de lavandín (*Lavandula x hybrida*) nun monte da provincia de Soria.



Unha groselleira vermella (*Ribes petraeum*), planta productora de pequenos froitos con interese comercial, é ventureira nas montañas orientais galegas.

### Pequenos froitos

Medran ventureiras nos montes galegos especies productoras de pequenos froitos con interese comercial, coma o arando (*Vaccinium myrtillus*) a groselleira (*Ribes petraeum*), o framboeseiro (*Ribes idaeus*), as silvas (*Rubus* sp.) ou o abruñeiros (*Prunus spinosa*). A reducida dimensión das poboacións naturais dalgunhas desas especies en Galicia, xunto coa cativa produción e a escaseza de man de obra nas comarcas rurais, feitos que dificultan a recolección, son factores que xustifican a pequena incidencia socioeconómica destes aproveitamentos en Galicia. Igual que se comentaba en relación coas plantas medicinais, non podemos recomendar un aproveitamento intensivo destes pequenos froitos nas poboacións naturais das plantas que os producen, o que podería comprometer a conservación da diversidade biolóxica, tanto vexetal como animal, pois destes froitos tamén se alimentan moitos animais silvestres. Sen embargo, pode ter interese, en áreas de calidade dos montes gale-

gos, o cultivo dalgunhas especies, como o framboeseiro ou a arandeira americana (*Vaccinium corymbosum*), arbusto, este último, de maior talla ca nosa arandeira e que produce máis arandos e de maior tamaño. A título de exemplo, no concello lucense de Antas de Ulla, unha empresa alugou unhas 20 ha dun monte vecinal en man común para o cultivo do framboeseiro, con resultados satisfactorios dende hai máis de 10 anos.

### Froitos e sementes de árbores

Galicia é a rexión española que máis castañas produce, introducindo no mercado o 50% das comercializadas en España, o que representa para os produtores entre mil y mil cincocentos millóns de pesetas, ainda que os prezos adoitan ser bastante baixos, debido a que, con frecuencia, se oferta un producto heteroxéneo e de baixa calidade. A maior parte da produción procede da parte oriental das provincias de Lugo e Ourense, onde abundan os soutos abandonados, cun alto valor paisaxístico pero cunha produción minguada, hetero-

xénea, por derivar de distintas variedades, e cunha calidade deficiente, produción que en moitos casos nin se recolle. Un programa de recuperación de soutos abandonados, o establecemento de novos soutos coas variedades de mellor aceptación no mercado, a preventión de doenzas como a "tinta" e o "cancro", ou o establecemento de sistemas silvopastoriais -por exemplo con gando porcino que aproveite a "montaneira" sobrante no outono-, son estratexias que poden axudar a recuperar estes ecosistemas de histórica importancia socioeconómica no medio rural galego.

A produción de noces, froitos da nogueira común (*Juglans regia*), e abelás, froitos da abeleira (*Corylus avellana*), non ten tanta importancia económica na nosa terra como a das castañas. Sen embargo, tamén nestes casos se debería facer unha selección de variedades do país, adaptadas á nosa ecoloxía e productoras de froitos de boa calidade, co fin de espallalas polos nosos montes e terras agrícolas abandonadas, diversificando así a produción agroforestal, desenvolvendo as nosas potencialidades endóxenas e poñendo no mercado produtos de calidade, rendibles economicamente, que poderían competir cos doutras comunidades autónomas ou doutros países. Algo similar poderíamos dicir dos piñóns, améndoas das sementes do piñeiro manso (*Pinus pinea*), especie que se adapta ben ás circunstancias ecológicas que se dan en moitos montes galegos e, sen embargo, ten unha presencia testemuñal na nosa terra.

<sup>1</sup>Son fungos micorrícicos aqueles que se asocian ás raíces dos vexetais.

# Conclusións do estudio sobre



O equipo de estudio da Asociación Forestal de Galicia rematou recentemente un estudo financiado polo proxecto Eurosilvasur que trata de mellorar os sistemas de valoration e medición da madeira en Galicia e contribuir a facer más axil e transparente o mercado da madeira en rollo.

## MEDICIÓN e VALORACIÓN de MADEIRA en GALICIA

NOTICIAS EUROSILVASUR

Proxecto promovido pola Unión de Selvicultores do Sur de Europa (USSE)

**A**s figuras que actúan como compradores de madeira en Galicia son numerosas. O principal obstáculo que atopamos ó falar delas é a inexistencia dunha terminoloxía clara e consensuada, polo que a súa denominación é a miúdo confusa. Por unha parte están os *madeireiros*, *fragueiros* ou *rematantes*, que compran directamente ós propietarios ou a través de poxas públicas. Diferéncianse entre si pola súa capacidade empresarial e polo feito de que levan a cabo ou non a corta e saca da madeira. Estas figuras fan de intermediarias entre os productores forestais e a industria consumidora.

Outro grupo constitúeno as industrias de primeira transformación (principalmente serradoiros de piñeiro e frondosas) que se dedican tamén á actividade da explotación forestal, xeralmente co obxectivo de abastecer de materia prima as súas propias industrias.

Por outra parte están as grandes empresas de explotación dedicadas exclusivamente a esta actividade e as empresas de explotación filiais de industrias que compran un importante volume anual directamente ós propietarios, a través de poxas ou a outros rematantes de menor entidade. Un número importante destas empresas actúan

como intermediarias entre o propietario do monte e as industrias de transformación.

Entre os sistemas de medición de madeira empregados actualmente por productores, empresas de explotación ou rematantes e polas industrias, diferéncianse dous tipos de procedementos empregados para coñecer o volume de madeira dun lote:

1. Procedementos nos que coñece a cantidade de madeira en pé a partir de estimacións *a olla*, baseadas na práctica do observador. Os compradores aprecian o peso da madeira, ou menos comunmente estiman o volume. Nestes casos a

marxe de erro na estimación está totalmente condicionada pola capacidade e experiencia da persoa que fai a estimación. Esta práctica emprégana todo tipo de empresas, dende pequenos serradoiros, empresas de explotación e rematantes, ata grandes empresas e industrias forestais, e tamén algúns produtores forestais que fan eles mesmos a valoración dos lotes que queren poñer á venda.

2. Sistemas que empregan algún instrumento forestal co que se fan medicións a partir das que se calcula o volume total de madeira. Adoitán ser empregados por organizacións de propietarios, polos Servicios Forestais da Xunta de Galicia e polas grandes empresas de explotación ou grandes industrias. Tamén polos pequenos serradoiros que consumen madeira de frondosas, principalmente castiñeiro ou carballo.

### Conclusións

As conclusións máis destacables do estudio realizado en Galicia pola AFG son:

■ A forma de adquisición de madeira máis empregada polas empresas que actúan en Galicia na súa relación cos propietarios forestais é a compra de madeira en pé.

■ Menos do 20% do volume de madeira en pé que se corta anualmente en Galicia sométese a medición aplicando sistemas de medida con fundamento técnico e comprobables obxectivamente.

■ Os procedementos para estimar a cantidade de madeira dun monte máis empregados baséanse en estimacións *a ollo*. Existe un descoñecemento bastante xeneralizado no sector acerca de métodos de cubición obxectivos para calcular o volume de madeira. Séguese

traballando con procedementos herdados, que non teñen ningunha base técnica.

■ Menos do 10% do volume de madeira en pé vénese tendo o propietario coñecemento da cantidade e o prezo por unidade de volume establecido. Na maioría das transaccións a única información do comprador cara o propietario é o prezo total ofertado.

■ Na maioría dos casos non se establecen contratos escritos entre o productor e o comprador onde se reflecten as condicións nas que se debe desenvolver a venda.

■ O sistema de medida máis empregado nas transaccións de madeira é o peso (tonelada), en función do que se acordan os prezos. O seu emprego ten a vantaxe de ser fácilmente comprobable despois da corta na báscula, e que asegura a rapidez de chegada da madeira á fábrica, reducíndose o risco de deterioro da mesma. O seu inconveniente é que antes da corta, coa madeira en pé, non é posible comprobar a medición e ademais de que é variable co tempo.

■ O emprego frecuente da tonelada como unidade de tran-

sacción obriga a convertir volume en peso, usando para isto índices medios por especie. Estes índices non son rigorosos xa que o peso, ou o que é o mesmo, a densidade da madeira varía fortemente segundo diversos aspectos: parte da árbore de onde provén a madeira, condicións estacionais, tempo transcorrido entre a corta e pesada, dentro da mesma especie da súa procedencia, etc.

■ As táboas e tarifas de cubición, que se empregan en Galicia teñen un ámbito xeográfico de aplicación moi amplio, e debido ás variacións estacionais galegas, os seus resultados son inexactos. Existe ademais unha disparidade de criterios na súa utilización e non permiten o axuste do volume en función da calidade tecnolóxica da madeira o que provoca que as valoracións sexan erróneas.

■ Non existe ningún procedemento de emprego xeral para clasificación por calidades de madeira en pé e o seu desenvolvemento non resulta sinxelo dada a multiplicidade de requerimentos que teñen as distintas industrias.

### RECOMENDACIÓNES

Á vista de todo o exposto é necesario acadar unha uniformidade nos métodos de medición en pé. Deben ser obxectivos e facer posible a medición volumétrica de tódalas partes da árbore que teñan diferente uso ou aplicación e polo tanto valor. Tamén é moi importante tanto para o comercio rexional coma internacional establecer criterios unificados en canto ás unidades de medida e ós factores de conversión que se deben establecer en cada zona. Débese propiciar o emprego do volume como sistema de medida para madeira en pé, dado que non varía coas condicións ambientais.

A fin de incrementar a transparencia nas transaccións de madeira é preciso que o productor disponga de información detallada de xeito que coñeza a cantidade, calidade e os prezos do producto que vende. Esto sería posible mediante contratos de compra-venda con protocolos formalizados onde aparezan os datos do lote: volume, número de pés, distribución diamétrica dos mesmos, prezo acordado por metro cúbico, etc.

É moi importante establecer un sistema sinxelo e práctico para clasificar la madeira en pé determinando e cuantificando as dimensións e singularidades da madeira admisibles para cada destino industrial, co que se poderían establecer contratos de compra nos que se prefixara un prezo da madeira segundo a clase de calidade que lle corresponda.

## Asinamento dun CONVENIO de colaboración para a realización dun DOCUMENTAL de TELEVISIÓN

O mércores día 23 de xaneiro levouse a cabo o asinamento dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Asociación Forestal de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o deseño e realización dun documental de promoción da Cultura do Bosque en Galicia, no marco do Proxecto Eurosilvasur.

**A**sinaron o documento o Conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo Jiménez, o Presidente da Asociación Forestal de Galicia, Xosé Represas Giráldez, e o Rector da Universidade de Santiago de Compostela, Darío Villanueva Prieto.

O documental forma parte dunha serie de televisión de sete documentais titulada *Os homes e o bosque* promovida pola Unión de Selvicultores do Sur de Europa (USSE) en colaboración coa Asociación Europea de Televisión Rexionais e inclúese

dentro das accións a desenvolver polo proxecto Eurosilvasur. A dirección deste documental corre a cargo de Víctor Fernández Freixanes, profesor do Departamento de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración con Xavier Vaz Gueirreiro, profesor do mesmo departamento.

A Asociación Forestal de Galicia, como membro da USSE, é a promotora e coordinadora deste documental, participando tamén como asesora do equipo de traballo.

O obxectivo básico do programa a realizar en Galicia, responde ás orientacións comúns que inspiran a serie e que foron asumidas polas sete rexións europeas que participan no proxecto (Poitou-Charentes, Aquitania, Navarra, País Vasco, Galicia, Norte e Centro de Portugal). Trátase de amosa-la interacción entre o home e o bosque a través dun relato no que os propietarios forestais ocupan o papel protagonista, facéndolle ver á opinión pública as claves do monte e do sector forestal no Arco atlántico.

### DELEGADOS DA ASOCIACIÓN FORESTAL ELIXIDOS EN DECEMBRO DE 2001

#### DELEGADOS NO CONSELLO DOS SELVICULTORES DA AFG

DEMARCACIÓN	DELEGADO ELIXIDO
Demarcación nº 1 segundo os Estatutos	Tomás Fonticoba Sande (San Sadurniño)
Demarcación nº 2 segundo os Estatutos	José Luis Corral Rey (As Pontes)
Demarcación nº 3 segundo os Estatutos	Manuel Vidal Cajuso (Brión)

#### DELEGADOS NO CONSELLO DAS COMUNIDADES DE MONTES DA AFG

CONCELLOS REPRESENTADOS	DELEGADO ELIXIDO
Mazaricos, Muros e Carnota	José Agustín Fernández Lariño Presidente da C.M.V. de Mallou-Maceiras (Carnota)
Padrón, Rois e Dodro	Ramón Abuín Gómez Secretario da C.M.V. Tres Parroquias (Dodro)
Resto dos concellos da Demarcación nº 3 segundo os Estatutos	José Francisco Ramallo Dorca Presidente da C.M.V. de Carreira (Ribeira)
A Garda, O Rosal e Tomiño	Enrique Álvarez Iglesias Presidente da C.M.V. de Santa María de Tebra (Tomiño)
Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Tui	Manuel Fernández Muíños Secretario da C.M.V. de Pesqueiras (Salvaterra)
Ponteareas	Ricardo Castro Rodríguez Presidente da C.M.V. de Celeiros (Ponteareas)
As Neves e Arbo	Gumersindo Ferro Fernández Presidente da C.M.V. de Santa María de Arbo (Arbo)
A Cañiza e Creciente	Félix Álvarez Álvarez Presidente da C.M.V. de Filgueira (Creciente)
Porriño, Mos, Nigrán, Baiona e Gondomar	Marcos Pintos Martínez Secretario da C.M.V. de Pereiras (Mos)
Resto da demarcación nº 11 segundo os Estatutos	Manuel Álvarez López Presidente da C.M.V. de Cabeiro (Redondela)

# Comparación entre el *Eucalyptus globulus* y el *Eucalyptus nitens*

**E**l espectacular crecimiento de las repoblaciones con *Eucalyptus nitens* obliga a analizar sus ventajas y desventajas respecto al *Eucalyptus globulus*, el más abundante en Galicia.

De aspecto prácticamente igual al *globulus*, podemos distinguir al *Eucalyptus nitens* por su forma piramidal en las plantaciones jóvenes, por el peculiar aroma de sus hojas,

muy diferente al característico olor a "eucalipto" del *globulus* y también por su fruto, que en el caso del *E. nitens* se presenta en pequeñas cápsula en racimos.

	<i>E. globulus</i>	<i>E. nitens</i>
Clima	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Resiste mal la helada.</li> <li>■ No es aconsejable su plantación por encima de los 400-500 m de altitud.</li> <li>■ No soporta la nieve.</li> <li>■ Prefiere un buen reparto de lluvias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Aguanta bien las heladas.</li> <li>■ Alcanza los 1.000 m.</li> <li>■ Soporta mejor la nieve.</li> <li>■ Vegeta mal con sequía.</li> </ul>
Suelos	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Aguanta suelos pobres.</li> <li>■ No soporta encharcamiento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ No soporta encharcamiento.</li> <li>■ Aguanta suelos pobres.</li> </ul>
Crecimiento	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Rápido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Rápido.</li> </ul>
Regeneración	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Rebrota de cepa con mucha fuerza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Rebrota muy raramente de cepa.</li> </ul>
Enfermedades y plagas	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Sufre mucho con los ataques del goniptero.</li> <li>■ Muy sensible a la <i>Mycosphaerella</i>.</li> <li>■ Sensible a la <i>Botrytis</i>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Aguanta mejor el ataque del goniptero.</li> <li>■ Aguanta mejor la <i>Mycosphaerella</i>.</li> <li>■ Sensible a la <i>Botrytis</i>.</li> </ul>
Altura del árbol	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Alcanza los 40-45 m.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Más bajo que el <i>globulus</i>.</li> </ul>
Forma de tronco	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Recto y con escasez de ramas.</li> <li>■ No requiere poda para madera de calidad.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Recto y ramoso.</li> <li>■ Requiere poda para madera de calidad.</li> </ul>
Madera de sierra	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Madera dura y bastante pesada.</li> <li>■ Puede producir fendas y alabeos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Se usa en Australia en ebanistería y carpintería.</li> </ul>
Madera de chapa y de desenrollo	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Muy buena calidad si proviene de árboles adultos sin tensiones.</li> </ul>	
Pasta de celulosa	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Excelente calidad para pasta al sulfato.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ No se admite su madera en las fábricas de pasta al sulfato ubicadas en Galicia y Asturias.</li> </ul>

# Melloras na fiscalidade que afecta ós montes veciñais en man comúñ

**D**espois de tres anos de vixencia, dende o 1 de xaneiro de 1999, do Régime Especial tributario das comunidades titulares de montes veciñais en man comúñ, dentro do Imposto sobre Sociedades, a Asociación Forestal de Galicia (AFG), que agrupa a un importante colectivo de comunidades de montes, tomou a iniciativa de analizar a incidencia da súa aplicación na xestión dos montes veciñais e a súa adaptación á realidade social das comunidades.

A experiencia destes tres anos de traballo en temas fiscais con máis de 200 Comunidades, permitiuos elaborar este primeiro documento que agora se presenta a consideración das comunidades de montes: *Documento de análise da aplicación en Galicia do Régime das comunidades titulares de montes veciñais*.

As propostas de mellora da fiscalidade que se presentan neste documento pretenden garantir a sostibilidade do monte veciñal e contribuir á consolidación da propia institución e ó mantemento da labor social que as comunidades de montes realizan. De igual xeito que ningunha actividade económica debe quedar fóra do sistema fiscal, a aplicación deste Régime Especial, máis que penalizar debe incentivar as actividades sociais, medioambientais e forestais que realizan as comunidades de montes veciñais,



xa que non só reportan beneficios directos ós propietarios, senón que fundamentalmente xeran beneficios externos para o conxunto da sociedade.

O obxectivo final desta iniciativa é chegar a unhas conclusións compartidas pola maioria das comunidades de montes e fundamentar con rigor a solicitude que se elevará á Administración de Facenda e ó Congreso dos Deputados propoñendo unha serie de modificacións ó texto do Régime das comunidades titulares de montes veciñais en man comúñ do Imposto sobre Sociedades.

## Propostas de mellora

■ A fin de que as comunidades de montes poidan deducir por completo tódalas "Inversións para a conservación, mellora, protección, acceso e servicios destinados ó uso social ó que o

monte estea destinado" e "Financiamento de obras de infraestructura e servicios públicos, de interese social" plantéxase a seguinte proposta:

■ É preciso clarificar a forma de xustificar estes gastos (quen debe certificar a realidade dos mesmos) así como tamén indicar con claridade os prazos para facelo. A nosa proposta é que o certificado da propia directiva da comunidade indicando a finalidade social dos gastos realizados, xunto co soporte documental dos mesmos (facturas), sexa abondo.

■ Por outra banda, debería indicarse con máis precisión que se entende por beneficio do exercicio a efectos de obter a cantidade pola que podemos reduci-la base imponible.

■ Así mesmo, no caso de non poder reducir da base imponible tódalas cantidades destinadas a inversións e gastos sociais durante o exercicio, consideramos que o exceso non reducido debería ter unha consideración semellante ás bases imponibles negativas e, polo tanto, poidan reducirse en exercicios posteriores.

■ Con obxecto de que as comunidades de montes poidan compensar tódolos gastos relacionados coa súa actividade silvícola plantéxase a seguinte proposta:

■ A ampliación do prazo de compensación de bases imponibles negativas dende os 10 ata os 20 anos. Conseguira-



Inauguración das Xornadas de debate sobre o réxime fiscal das comunidades de montes veciñais en Silleda.

se desa forma deducir os gastos que se teñen nos primeiros momentos do período de maduración e que dados os longos períodos de maduración e polas características da actividade silvícola –concentración de ingresos–, na actualidade non é posible deducir.

■ A fin de que o beneficio fiscal dos ingresos por venda de madeira se asemelle ó beneficio real e, ó mesmo tempo e polos mesmos conceptos, se equipare a tributación dos montes veciñais coa dos montes de particulares sometidos ó Réxime de Estimación Obxectiva do I.R.P.F. plantéxase a seguinte proposta:

■ Aplicar un coeficiente reductor dun 20% sobre os ingresos da venda de madeira de especies forestais con período de maduración inferior ós 30 anos. Do 40% no caso das de período de maduración entre 30 e 50, e dun 100% no caso de especies con período de maduración superior ós 50 anos.

■ Estes coeficientes compensarían o feito de non poder actualizar os custos de traballos realizados na explotación silvícola, así como o custo de oportunidade que representan os fortes investimentos (factor terreo e capital) que se teñen que destinar a estes tra-

ballos e que, de non ser así, poderían ser destinados a outras actividades, así como no caso das especies con período de maduración superior ós 50 anos paliaría o pouco interese económico que ten a producción deste tipo de madeira.

■ Para que as comunidades de montes poidan xestionar o monte de maneira axeitada, podendo contar con financiación propia para executar os traballos no momento preciso considérase a seguinte proposta:

■ A posibilidade de deducir unha provisión para gastos futuros. Esta provisión tería como característica a obriga de investir as cantidades dotadas a esa partida no monte, ben investindo en maquinaria, construccóns civís, compra de monte, etc, ou ben en actividades silvícolas.

■ A instrumentalización de ditas provisións faríase mediante a creación dun fondo bancario específico, sometido a control tributario, no que as cantidades depositadas nel deberían ser destinadas obligatoriamente ós fins sinalados anteriormente. Un prazo límite para a realización de ditos reinvestimentos podería ser de 15 anos.

■ Co obxecto de que as comunidades de montes poidan

cumprir a obriga de reinvertir no monte tódolos ingresos procedentes de expropiacións, ocupación ou servidumes, plantéxase a seguinte proposta:

■ A posibilidade de deducir unha provisión para reinversión de ingresos extraordinarios procedentes de expropiacións, ocupacións ou servidumes. Esta provisión tería como característica a obriga de investir as cantidades dotadas a esa partida no monte, ben investindo en maquinaria, construccóns civís, compra de monte, etc, ou ben en actividades silvícolas.

■ A instrumentalización de ditas provisións faríase mediante a creación dun fondo bancario específico sometido a control tributario, no que as cantidades depositadas nel deberían ser destinadas obri-gatoriamente ós fins sinalados anteriormente. Un prazo límite para a realización de ditos reinvestimentos podería ser de 15 anos.

■ Coa finalidade de fomentar a reinversión no monte e a realización de obras de carácter público e social que realizan as comunidades de montes propone:

■ Que as C.M.V.M.C. tributen ó tipo impositivo do 10%.

# Obrigas contables e fiscais das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común

Daniel Rodríguez Cebreiro

Este listado ten un ánimo orientativo e non ten por que asustar o enorme número de modelos que hai que presentar. A maior parte das comunidades non teñen que presentar máis ca un número reducido deles.

É importante ter en conta que os impostos son todos inde-

pendentes uns doutros. Neste sentido é necesario ter en conta que o feito de que as comunidades de montes quedasen incluídas no Imposto sobre Sociedades a partir de 1999 só supuxo modificación das obrigas no ámbito deste imposto, o resto das obrigas non se modificaron. Cada directiva debe

comprobar se realmente está cumplindo tódalas obrigas mencionadas no cadro seguinte xa que é a xunta rectora a encargada da presentación de tódalas declaracíons e confección dos libros contables necesarios. Nos próximos números do boletín *O Monte* iranse analizando cada un dos impostos.

## Listado por imposto de tódolos modelos que hai que presentar así como dos libros que hai que confeccionar ó longo do ano

I.V.E.	<b>Réxime Especial da agricultura, gandería e pesca (REAGP)<sup>1</sup></b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Levar libro rexistro de vendas dentro do REAGP</li> <li><b>Se realiza algúna venda ou compra noutro estado membro da Comunidade Europea</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación do modelo 309 dentro do prazo regulamentario (sempre que a empresa estranxeira non nos cobrase I.V.E.).</li> <li>Presentar o modelo 193 ó final do trimestre ou do exercicio (depende dos casos) se tivo que ingresar I.V.E. mediante a presentación do modelo 309.</li> </ul> </li> <li><b>Se ten ingresos por arrendamento</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicar á A.E.A.T. que ten este tipo de ingresos mediante modelo 037 –só no momento de iniciar esa actividad.</li> <li>Debe presentar o modelo 300 trimestralmente (incluso nos trimestres que non teña ingreso por arrendamento, indicando “sen actividade”).</li> <li>Ó final do ano deberá presentar o modelo 390.</li> <li>Levar libro-rexistro de facturas emitidas.</li> <li>Levar libro-rexistro Obrigas fiscais de facturas recibidas.</li> <li>Levar libro de Inventario.</li> </ul> </li> </ul>
I.S.	<b>Obrigas contables</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Levar a contabilidade segundo o Plan Xeral Contable (aprobado no ano 1991).</li> <li>Elaborar un libro diario da contabilidade (debe estar encadernado) seguindo o Plan Xeral Contable, deberán anotarse tódalas operacións mercantís da comunidade de montes.</li> <li>Elaborar unhas Contas Anuais que deben estar formadas polo Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria.</li> <li>Aprobar as contas do exercicio anterior dentro dos seis meses seguintes ó final de dito exercicio.</li> <li>Ter documentación que acredite cada un dos movementos económicos da comunidade.</li> </ul>
I.A.E.	<b>Obrigas fiscais</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación da declaración-liquidación das actividades do Imposto sobre Sociedades (modelo 201).</li> <li>Realizar no caso que corresponda pagos fraccionados.</li> <li>Presentación da declaración de relación con terceiros (modelo 347).</li> <li>Presentar as declaracíons das actividades que correspondan para comunicar calquera tipo de circunstancia fiscal a Facenda.</li> </ul>
I.B.I. <small>(Contribución)</small>	<b>Depende das actividades</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Se a comunidade se dedica a outras actividades podería ter que pagalo, pero nunca pola actividade forestal (os arrendamentos tamén están exentos de pago de I.A.E.).</li> </ul>
I.R.P.F.	<b>Depende dos casos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>O monte veciñal non ten que pagar contribución.</li> <li>Polo resto de bens inmóbiles que non están considerados monte veciñal si ten que tributar.</li> </ul>
I.R.P.F.	<b>Obrigas Fiscais</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar retencións ós profesionais que realicen traballos para a comunidade así como ó persoal que teña contratado.</li> <li>Ingresar ditas retencións en Facenda (modelo 110).</li> <li>Presentalo resumo anual de retencións (modelo 190).</li> </ul>

A.E.A.T.: Axencia Estatal de Administración Tributaria. I.A.E.: Imposto de Actividades Económicas. I.B.I.: Imposto sobre Bens Inmóbiles (contribución). I.R.P.F.: Imposto da Renda das Pessoas Físicas. I.S.: Imposto sobre Sociedades. I.V.E.: Imposto sobre o Valor Engadido. R.E.A.G.P.: Réxime Especial da Agricultura, Gandería e Pesca.

<sup>1</sup>En principio tódalas comunidades están incluídas dentro deste réxime.

<sup>2</sup>Están incluídas no réxime xeral do I.V.E. as comunidades de montes que renuncien expresamente ó Réxime Especial da Agricultura, Gandería e Pesca. Hai que ter en conta que, no caso de comunidades que teñan arrendamentos, a actividade de arrendamentos estará obligatoriamente dentro do Réxime Xeral e, ó mesmo tempo, a actividade forestal pode seguir dentro do Réxime Especial (R.E.A.G.P. do I.V.E.).

# La aprobación del Sistema de Certificación Forestal PEFC-España, en su recta final

La Junta Directiva de PEFCC (Consejo de Certificación Forestal Pan-Europeo), en su reunión celebrada el 22 de abril en Luxemburgo, ha respaldado el sistema de certificación forestal de PEFC-España recomendándolo a la Asamblea General para su votación y aprobación definitiva, tras el estudio del informe emitido por la consultora finlandesa INDUFOR OY encargada de su auditoría. El Consejo de Certificación Forestal Pan-Europeo (PEFCC) nació en París en junio de 1999, gracias a la iniciativa del sector forestal privado europeo. Su misión es proporcionar el marco pan-europeo para el desarrollo de los principios comunes de certificación y establecer los mecanismos necesarios para el reconocimiento mutuo de los sistemas desarrollados por los distintos países participantes. El sistema PEFC está especialmente diseñado para los bosques europeos: se ajusta a la definición de gestión forestal sostenible, aprobada en la Conferencia Ministerial de Helsinki en 1993, utiliza los criterios e indicadores aprobados en la Conferencia Ministerial de Lisboa de 1998, agrupa y coordina las certificaciones nacionales que se adaptan a las características



de los bosques de cada país y ofrece una marca colectiva (el logo PEFC) que garantiza que el producto proviene de bosques gestionados con criterios de sostenibilidad.

Paralelamente en España se creó en 1999 la asociación para la certificación española forestal PEFC-España (promovida por la Confederación de Organizaciones de Selvicultores de España (COSE) en la que la Asociación Forestal de Galicia ocupa una vicepresidencia) con el fin de administrar, promover y divulgar la certificación de la gestión forestal sostenible de los montes españoles. Esta asociación ha desarrollado, mediante un proceso abierto a la participación de todos los agentes sociales, el sistema de certificación PEFC-España, basado en las Normas UNE de gestión forestal sostenible (UNE-162001; 162002-1; 162002-2; 162003 y

162004) y el documento técnico PEFC sobre certificación.

Los documentos españoles fueron entregados al Consejo de PEFC en Santiago de Compostela, el día 18 de junio de 2001, con motivo de la celebración de la Asamblea General de PEFCC.

Tras este paso PEFCC solicitó a la consultora finlandesa INDUFOR OY que auditara el sistema presentado por PEFC-España. La visita de esta consultora tuvo lugar a finales de 2001. El informe de resultados de la auditoría se remitió a la Junta Directiva de PEFCC que tras someterlo a un estudio detallado ha decidido respaldar el sistema de certificación PEFC-España y recomendarlo a la Asamblea General para su votación y aprobación definitiva.

La Asamblea General, compuesta por representantes de los distintos PEFC's nacionales, cuenta con un plazo de cuatro semanas para realizar la votación postal, por lo que se estima que a principios de junio el sistema de certificación PEFC-España esté aprobado, lo que permitirá certificar los bosques españoles.

Actualmente ya existen en Europa más de 42 millones de hectáreas certificadas bajo el sello de PEFC.

Más información del Sistema PEFC en: [www.pefc.es](http://www.pefc.es).



# A seca das sobreiras

**FRANCISCO J. FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN e  
JAIME B. BLANCO DIOS**

**Sección de Fitopatoloxía do Centro de Investigacións Forestais e  
Ambientais de Lourizán**

A superficie estudiada é un predio de 26 ha sito na conca do río Arnego, na parroquia de Carmoega, pertencente ó concello de Agolada (Pontevedra), abrangue dende a beira do río ata a media encosta e está orientado cara ó medio día. Este predio forma parte dunha grande superficie de sobreiras (1.081 ha) situada á beira do río Arnego ó seu paso polos concellos de Agolada, Lalín e Vila de Cruces e que, baixo a denominación "Sobreirais do río Arnego", constitúe un espazo natural recentemente incluído pola administración autonómica na Rede Natura 2000.

As sobreiras non son da mesma idade e presentan di-

ferentes clases diamétricas, abrangendo dende planta pequena de rexenerado ata os casos más espectaculares nos que poden chegar a medir preto de 1,5 m de diámetro normal. Estas ábores conforman unha masa con densidades moi variables (nalgúnha zona están moi mestas, noutras teñen unha densidade semellante ás devases e con calveiros producidos pola corta de varios pés), que fan que algunhas das máis novas e cativas sexan dominadas polas de maior idade e dimensíons.

O aproveitamento da cortiza, tradicional nesta área, é feito cada 9 ou 12 anos a demanda de empresas de Extremadura e

Portugal. Estas empresas compran a cortiza extraída por veciños do lugar que se dedican a estas labores, ou ben o fan con equipos propios que eles traen dende o seu lugar de orixe. Neste predio, a penúltima saca de cortiza foi feita hai uns 13 anos e pouco despois ardeu o monte, co que colleu á planta baixa de defensas ó non ter tempo para formar unha capa de cortiza coa que protexer a capa xeneradora suberofelodérmica (carniza) das fortes temperaturas causadas polo lume. Hai dous anos, fixose parcialmente un novo descortizado e xa se notou a irregularidade da produción e mesmo o cambio de aspecto do sobreiral, que xa comezaba a esmorecer.

## Sintomatoloxía

Nos exemplares de sobreiras xa descortizados puidose observar, tanto no tronco como nas pólas, unhas grandes manchas de cor negra producto do paso do lume e onde xa non medrou a cortiza. Nestas manchas formadas pola madeira sen retídoma, medra un fungo do xénero *Stereum* que amosa ó exterior os seus carpóforos en grande cantidade. Xa na madeira puidérонse detectar unhas manchas de cor tabaco escuro moi chamativas.

Neste panorama, as sobreiras atacadas amosan un estado de enfeblecemento grande, con secas das puntas das pólas ademáis dunha forte clorose que precede á súa defoliación total. En moitos casos, este dano produciu xa a morte dunha cantidade importante de planta de tódalas idades.

Na planta afectada pódense observar tanto partes sen cortiza coma con ela que, nalgúns casos, rebenta por baixo fa-

# O aproveitamento da cortiza, tradicional nesta área, é feito cada 9 ou 12 anos a demanda de empresas de Extremadura e Portugal

cendo saltar a mesma e desprendendo un líquido de cor escura e de cheiro forte.

O maior índice de mortandade nestas árbores acontece nas zonas onde se presenta unha densidade maior, e, sobre todo, nas árbores duns 15-25 cm de diámetro, que semellan estar asoballadas por outras de maiores dimensións. Esta mesma situación acontece só parcialmente en planta de maior diámetro.

## Diagnose

Feitos con motoserra cortes transversais nos troncos e pólás afectadas, pódese ollar neles a presencia dunhas manchas de cor escura que amosan, de fóra a dentro, a destrucción da madeira desta planta. Con material afectado realizáronse cultivos en laboratorio para determinar o axente causante deste dano.

As observacións realizadas tanto no propio sobreiral como no laboratorio confirmaron que estamos ante un ataque do fungo coñecido como *Hypoxyton mediterraneum* (De Not) Mill., responsable en moitas zonas da conca mediterránea do que se coñece como "seca das aciñeiras", e que, aparte da propia aciñeira, ataca a outras querzíneas como é o caso da sobreira. Esta doença é un parásito de feridas e de estados de enfblecemento destas plantas. Entre as circunstancias, ben coñecidas noutros lugares da Península Ibérica, que

producen este enfblecemento na planta atópanse as seguintes:

- Descortizado mal efectuado, con feridas na capa xeratriz (carniza).
- Incidencia de lumes en épocas posteriores ó descortizado. Ambalas dúas circunstancias aconteceron nestes montes polo que concorda a entrada do patóxeno coa situación especial creada.

Non sabemos se o patóxeno xa estaba nestas áreas ou foi introducido polos axentes que interveñen no descortizado pero, ainda así, o proceso infeccioso adquiriu, despois do paso do lume, un desenvolvemento dunha rapidez extraordinaria, destruíndo toda a zona suberofelodérmica (carniza) que, máis tarde, sería desprazada por unha substancia de consistencia estromática, negra, dura e brillante, obrigando pouco a pouco á cortiza a fenderse e a despegarse do tronco. O apañar a cortiza afectada, o pé da planta presenta manchas dunha cor carbón, manchas que poden cubrir o tronco e as pólás ata as más finas ramificacións, quedando a madeira ó descuberto, ben visible.

As fructificacións sexuais (peritecas) deste fungo patóxeno están insertas verticalmente neste estroma negro, cubrindo cásque por completo.

Polos aneis de crecemento criados despois do inicio do ataque, pódese datar o ano no que comezou o ataque deste patóxeno ás diferentes partes da planta.

## Conclusións

Dado que é ésta a primeira cita que se fai deste patóxeno nun sobreiral en Galicia, consideramos que a entrada do mesmo puido ser causada polas infeccións feitas coas ferramentas que doutros lugares de España ou Portugal viñeron a estas terras da man dos traballadores que fan este aproveitamento, chegando a infección a verse aguilloadas polo enfblecemento que o lume causou na planta recén descortizada.

Non hai ningún medio de loita curativo polo de agora contra esta enfermidade. Tratarase esencialmente dunha loita preventiva indirecta a través de técnicas selvícolas e dos plans de aproveitamento que se tracen. A difusión da presencia por primeira vez deste patóxeno en Galicia pode ser a mellor forma de evitar que a ignorancia da existencia deste mal faga progresar este dano polo descoido dos traballadores, mal que sospeitamos esté a espallarse por outros sobreirais da nosa Comunidade.

Por ser éste un parásito de enfblecemento, o procedemento máis efectivo de frear os ataques deste patóxeno é recurrir ás técnicas culturais que mantéñan as árbores en condicións de vigor suficientes.

Cómpre tamén impedir, na medida das nosas posibilidades, a propagación desta doença, cortando as plantas afectadas e queimando todo o material infectado.

# Calefacción con BIOCOMBUSTIBLES en bloques de viviendas

## Una nueva tendencia

CHRISTIAN RAKOS

Energieverwertungsagentur (Agencia Austríaca de la Energía. EVA)

LUIS GARCÍA BENEDICTO

Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)

**L**a calefacción con madera parece una práctica pasada de moda, algo que recuerda los antiguos buenos tiempos, pero nada que se esperaría en un edificio moderno. Los desarrollos revolucionarios en la tecnología de combustión de la madera y la aparición de los pellets (pequeñas piezas de madera molidas y comprimidas) como combustible de madera de alta tecnología pueden cambiar esta opinión. En Austria el uso de los pellets de madera está creciendo drásticamente en casas unifamiliares y en bloques de viviendas. Las ventas de las calderas de pellets casi se han doblado cada año durante los últimos 5 años, mientras que las ventas de las calderas de gasóleo están cayendo rápidamente. Las calderas modernas que usan astillas de madera o pellets son dispositivos de alta tecnología que se alimentan de combustible automáticamente desde un silo, lo queman a alta temperatura con un control electrónico de suministro del aire y pueden proporcionar más del 90% de la energía contenida en la madera para la calefacción. Esto puede compararse con el ren-

dimiento de, tal vez, el 10% de una chimenea o un rendimiento del 50% de una caldera convencional de madera. Las modernas calderas de biomasa no producen humos visibles y sus emisiones son casi tan bajas como las emisiones de calderas de gas natural. El estado actual de los modelos incluye la limpieza mecánica automática de las superficies del intercambiador de calor y la retirada automática de cenizas. Algunos modelos comprimen estas cenizas siendo sólo necesario retirar las cenizas dos veces al año.

Mientras el empleo de calderas de pellets para casas unifamiliares está convirtiéndose rápidamente en un negocio establecido en Austria y en algunos países nórdicos, el empleo de biomasa en edificios grandes como los complejos de viviendas o edificios públicos es un mercado emergente. La figura 1 muestra el número de bloques de viviendas calentados con biomasa en Austria. En un informe publicado por la Agencia Austríaca de la Energía (EVA), en octubre de 2001 una primera evaluación sistemática de este nuevo desarrollo ha revelado, que está surgiendo un

tipo nuevo de complejo de viviendas sostenible: más del 60% de los edificios calentados con biomasa son edificios denominados de "bajo consumo energético" (por su aislamiento). Más del 40% también tenía colectores solares térmicos para suministro de agua caliente sanitaria en verano. El total de la demanda de calefacción de un piso de 100 m<sup>2</sup> en tales edificios es inferior a 1 tonelada de pellets, lo que se corresponde con unos costes de calefacción menores de 200 € al año.

El Sr. Meisel, jefe de planificación técnica en la Cooperativa de Viviendas GSWB comenta: "Comenzamos con el establecimiento a colectores solares térmicos para el agua caliente sanitaria en nuestros complejos de viviendas. Nosotros éramos reacios a la implantación de sistemas de calefacción de biomasa ya que éstos no eran totalmente fiables en los primeros años y oímos que tenían bastantes problemas de arranque. Ahora esta tecnología ha madurado y equiparemos todos nuestros proyectos nuevos tanto con colectores solares térmicos como con sistemas de calefacción de biomasa. Nuestros clientes son conscientes, de que los biocombustibles son considerablemente más baratos que el gasóleo o el gas. Además, los biocombustibles son un recurso local y ofrecen una seguridad de suministro signifi-

cativamente más alta que los combustibles convencionales, sin hablar de las ventajas ambientales".

#### Ecopuntos

Una razón importante de la puesta en práctica de mayores niveles de aislamiento y el uso de energías renovables en bloques de viviendas fueron los especiales incentivos financieros. Franz Mair, responsable del rediseño del sistema de ayudas para promoción de viviendas en la provincia de

ción controlada con recuperación de calor u otras innovaciones que minimicen tanto los impactos ecológicos como los gastos de operación de los edificios. Esto no nos supuso ni un céntimo extra. Solamente establecimos nuevas condiciones para recibir la ayuda". El nuevo sistema de ecopuntos condujo a una importante transformación del mercado. Las cargas de calefacción para casas de nueva construcción en Salzburgo cayó, en 5 años, desde un promedio de 60 W/m<sup>2</sup> a un promedio de 30

lefacción con biomasa tendrá un mayor incremento en los próximos años.

Christian Rakos, experto de Agencia Austriaca de la Energía comenta: "Mientras el desarrollo total es muy alentador nuestro análisis reveló algunas debilidades: en muchos casos encontramos, que los arquitectos habían diseñado el sistema de calefacción para las casas de bajo consumo energético como si fueran edificios convencionales. Aproximadamente el 50% de las calderas superaban en más de dos


## el empleo de biomasa en edificios grandes como los complejos de viviendas o edificios públicos es un mercado emergente

Salzburgo: "Desde 1995 hemos dado subvenciones para la promoción de zonas habitables sin establecer condiciones, excepto cierto nivel máximo de costes. Entonces comenzamos a introducir condiciones mediante el establecimiento de un modelo de ecopuntos. Estos puntos pueden ser alcanzados aumentando el nivel de aislamiento, introduciendo el uso de energías renovables, instalando ventila-

W/m<sup>2</sup>. En 2001 más del 65% de la vivienda de nueva construcción fue suministrada con preinstalación de energía solar térmica para agua caliente sanitaria. La cuota de mercado de biomasa para calefacción de edificios superó el 50% en 2001, frente a menos del 10% en 1995. Otras provincias están siguiendo esquemas similares, lo que significa que la velocidad de penetración en el mercado de los sistemas de ca-

vezes la potencia que necesitaban tener. Si se introduce una nueva tecnología es fundamental incluir un buen plan de formación para todos los profesionales involucrados a fin de asegurar que sus servicios sean de gran calidad".

Tal esfuerzo para difundir la información adecuada sobre el empleo de sistemas de calefacción con biomasa en edificios grandes ha sido financiado recientemente por la Comisión Europea en las líneas de trabajo del programa ALTENER. Con un presupuesto de casi 900.000 € el proyecto BIOHEAT organizará las actividades de difusión de la información en once países europeos. El coordinador de este proyecto es la Agencia Austriaca de Energía. En España el Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) es el coordinador nacional del proyecto BIOHEAT. Para información adicional sobre el proyecto puede visitarse [www.bioheat.info](http://www.bioheat.info).





## VISITA A GALICIA DE SELVICULTORES CATALÁNS

O 19, 20 e 21 de outubro visitounos un nutrido grupo de selvicultores socios do Consorci Forestal de Catalunya que foron recibidos polo Presidente da AFG, Xosé Represas, o Presidente de Honor Fernando Molina e o Vicepresidente Francisco Fernández de Ana. Nestes tres días visitaron montes de piñeiro bravo na provincia de Pontevedra e eucaliptais no norte da Coruña, acompañados polos técnicos da Asociación Forestal de Galicia.



## Visita do Presidente de Forestis a Xinzo-Ponteareas

O 14 de novembro pasado o Presidente da Asociación Forestal de Portugal-Forestis, acompañado dun grupo de técnicos, visitou a sede da Asociación Forestal de Galicia en Xinzo-Ponteareas, onde foron recibidos polo Presidente da AFG, Xosé Represas, polo Director, Francisco Dans así como polos técnicos que traballan nesta sede. A reunión serviu para poñer en común experiencias sobre temas forestais así como para tratar varios puntos relativos ó proxecto Eurosílvasur, no que ámbalas dúas organizacións participan.

## Xornadas de divulgación selvícola sobre Pragas e doenças en masas de coníferas e frondosas e selvicultura de frondosas

Máis de 500 selvicultores asistiron ás xornadas sobre pragas e doenças forestais e selvicultura de frondosas que a Asociación Forestal de Galicia organizou en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente. As xornadas de pragas foron impartidas en As Pontes e Tomiño o 23 e 24 de novembro, Cospeito o 30 de novembro, en Crecente o 1 de decembro, en Negreira o 1 e 2 de marzo e en Agolada o 8 e 9 de marzo. O primeiro día consistiu nunha xornada teórica e o segundo fixéronse saídas ó monte onde se identificaron as doenças estudiadas o día anterior.

Os cursos dedicados á selvicultura de frondosas impartíronse en Ferreira do Valadouro e Lalín os días 6 e 7 de abril, combinando a exposición teórica coas prácticas no monte.

O numeroso público asistente participou moi activamente nos cursos plantexando as súas dúbidas e inquedanzas ó respecto.



## ASEMBLEA XERAL DE COSE

